



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre contido do Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Boutareira (Ortigueira, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0057,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "*Documento de inicio*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto podería afectar a 3 hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea: 4020 Gentiano pneumonanthes-Ericetum mackaiana, 91E0 Omphalodo nitidae-Coryletum avellanae e 91E0 Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae.
2. Que, de acordo co "*Documento de inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 9 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*, *Myotis myotis*).

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Boutareira (Ortigueira, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0057:

1. Avalíe os posibles efectos sinérxicos e acumulativos tanto co Parque Eólico Coto Teixido, situado a menos de 2 km de distancia, como cos de Faladoira, Pena da Loba e Caxado cos que tamén formaría un contínuo.
2. Avalíe alternativas para minimizar o impacto sobre os 3 hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea existentes na zona.
3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Galemys pyrenaicus*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadenses, etc.
 - b. *Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*, *Myotis myotis*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións



sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.

- c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
4. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2011